

# UNIDADE DIDÁCTICA: TERRA

## *As Tanxugueiras*



Sabela Maneiro, Olaia Maneiro e Aida Tarrío forman o grupo Tanxugueiras, mulleres fortes, valentes e empoderadas a través da súa música folclórica.

Son cantareiras, que mesturan cantes e sons da cultura popular galega con ritmos actuais.

Coa súa canción Terra, homenaxe ás pandeireteiras galegas, foron candidatas, e as favoritas do público, a representar a España no festival de Eurovisión de 2022.

### *Investiga...*

1. De onde son orixinarias as compoñentes das Tanxugueiras?

---

---

2. **Tanxugueiras** foi elixida palabra do ano 2021 a través dunha votación popular levada a cabo polo Portal das palabras. Pero...sabes de onde ven a palabra e que significa?

-----  
-----  
-----  
-----  
-----

3. Busca e escribe o significado da palabra "empoderadas".

-----  
-----  
-----

4. Cres que é necesario o empoderamento das mulleres? Por que?

-----  
-----  
-----  
-----

### **As cantareiras ou pandeireteiras**

As cantareiras ou pandeireteiras son unha agrupación musical feminina, propia da música tradicional galega, que emprega as pandeiretas como principal acompañamento instrumental.

Teñen a súa orixe a principios do século XIX nas celebracións con música e baile que se facían despois de realizar traballos colectivos como o fiado ou a esfollada do millo. Aínda que podía haber algún gaitero ou acordeonista, moitas veces eran as mulleres as que poñían a música utilizando instrumentos como latas, cunchas, pandeiros, pandeiretas,...

A finais do século XIX, os coros galegos fixaron como representación do folclore tradicional a imaxe do gaitero acompañado de tambor, ignorando

ás cantantes femininas. Así, fíxose do gaitero un oficio, mentres que as cantareiras quedaron relegadas á súa labor de tocar e cantar na casa.

A mediados do século XX, debido á Guerra Civil española e á emigración dos galegos e galegas, as celebracións tradicionais practicamente desapareceron e con elas a música das pandeireteiras.

Non foi ata o ano 1963 cando subiron ao escenario o primeiro grupo de pandeireteiras, **as pandeireteiras de Buxán** (concello de Rois, A Coruña), nun tempo no que nas romarías só actuaban gaiteros. O grupo estaba formado por 2 homes e 6 mulleres e foi o primeiro en cobrar polas súas actuacións, cando as mulleres non cobraban.



*As pandeireteiras de Buxán*

Nos anos 80 as formacións de pandeireteiras estendéronse por toda Galicia. A primeira agrupación que contou con elas foi Xacarandaina, da man de Mercedes Peón.

Máis adiante seguiron numerosos grupos, como as Tanxugueiras, xurdido no ano 2017, que reivindicaron a música creada e interpretada por mulleres.

### Responde...

1. Que son as pandeireteiras?

-----  
-----  
-----

2. Que outro nome reciben as pandeireteiras?

-----  
-----

3. Cres que foi xusto relegar ás pandeireteiras só ás celebracións dentro das casas? Por que?

-----  
-----  
-----

4. Cal foi o primeiro grupo de pandeireteiras que cobrou polas súas actuacións?

-----

5. Que reivindicación coa súa música as Tanxugueiras?

-----  
-----  
-----

## **A pandeireta**

Velaiquí o debuxo dunha pandeireta. Colorea e relaciona cada parte do instrumento co seu nome.

Aro

Pelica

Ferreña





Escoita a canción e fíxate na letra para contestar as preguntas.

Ailara-lalá  
Ailara-lala  
Ailara-lala  
Ailara-lalala

Ailara-lalaa  
Ailara-lalaa  
Ailara-lala

Esta noite hai foliada  
Esta noite hai serán  
Agárdoche no terreiro

Compañeiriña leal  
Compañeiriña leal  
Compañeiriña leal  
Esta noite hai foliada

Para cantar veño eu  
Coa pandeireta na man  
Aturuxa canda min  
Que nos escoiten berrar  
Que nos escoiten berrar  
Que nos escoiten berrar  
Coa pandeireta na man

Ailara-lalá  
Ailara-lala  
Ailara-lala  
Ailara-lalala

Ailaralala  
Ailaralalaa  
Ailaralala  
Non hai fronteiras

Canta ti, cantarei eu  
Co xeito das nosas nais  
Festexaremos a vida

Da xente que está a bailar  
Da xente que está a bailar  
Da xente que está a bailar  
Co xeito das nosas mans

Ailara-lalá  
Ailaral-ala  
Ailara-lala  
Ailara-lalala

Ailara-lalaa  
Ailara-lala  
Ailara-lala  
Ez dago mugarik

Ailara-lalá  
Ailara-lalaa  
Ailara-lala  
Ailara-lalala

Ailara-lala  
Ailara-lala  
Ailara-lala  
No hi ha fronteres

Aí veñen, Aí veñen  
Veñen pra quedar  
Esas bravas gorxas

De fondo cantar  
De fondo cantar  
De fondo cantar  
Aí veñen, Aí veñen

Veñen pra quedar

Veñen pra quedar  
Veñen pra quedar  
Veñen pra quedar

Veñen pra quedar  
Veñen pra quedar  
Veñen pra quedar

Pra quedar, pra quedar

Veñen pra quedar  
Veñen pra quedar  
Veñen pra quedar

Ailara-lalá  
Ailara-lalaa  
Ailara-lala  
Ailara-lalala

Ailara-lalaa  
Ailara-lalaa  
Ailara-lalaa  
Nun hai fronteras

Ailara-lalá  
Ailara-lalaa  
Ailara-lala  
Ailara-lalala

Ailara-lalaa  
Ailara-lalaa  
Ailara-lalaa  
No hay fronteras

1. Relaciona as palabras das dúas columnas:

aturuxo

esmorga

foliada

garganta

fronteira

fiesta

gorxa

ufido

serán

linde

2. A quen está adicada esta canción?

-----

3. Que pensas que significa "Veñen para quedar"?

-----  
-----  
-----

4. A expresión da canción "non hai fronteiras" serve para irmandar as culturas e linguas da Península Ibérica? Que linguas conviven nela?

-----  
-----  
-----  
-----  
-----

### **8 M, Día Internacional da Muller.**

O Día Internacional da Muller conmemora cada 8 de marzo a loita das mulleres e as nenas pola súa participación na sociedade en igualdade co home.

Por que cres que eliximos este curso a canción "Terra" para celebrar o 8 M?

-----  
-----  
-----  
-----



**Realiza un debuxo que ilustre a loita das mulleres pola igualdade.**